

IV CONCURSO FOTOGRÁFICO - 2015

UNHA MIRADA DE XÉNERO: CON E DE EMPRENDEDORAS

Fotografía más representativa do III concurso fotográfico "Unha mirada de xénero: saúde e deporte"
Título da fotografía: "Sempre xoven" · Autora: Luisa Lorenzo.

A Área de Igualdade do Concello do Carballiño organiza coa colaboración da Asociación Fotográfica O Potiños e o Centro Comercial Aberto , o III concurso de fotografía "unha mirada de xénero: con e de emprendedoras".

Premios:

- 1º Premio: 300 €
- 2º Premio: 200 €
- 3º Premio: 100 €

Os premios serán vales de compra para gastar en diferentes comercios do Carballiño.

*As 12 fotografías más representativas servirán como imaxes do almanaque que se realizará para o vindeiro ano 2016.
Todas as fotografías serán expostas no Concello e nos locais comerciais da Vila.*

Participantes:

Poderán participar neste concurso as persoas afeccionadas que o desexen. Unicamente quedan excluidos fotógrafos e fotógrafas profesionais e os membros do xurado.

Técnica, formato e número de fotografías:

As fotografías serán aceptadas en branco e negro ou en cor. Non serán válidas as montaxes, tan só se permiten retoques de contraste e cor. Poderase solicitar o arquivo orixinal co fin de facer as comprobacións oportunas. Todas as fotografías presentadas deberán ser inéditas, e non poderán terse presentado, nin ter sido seleccionadas noutros concursos fotográficos.

Formato: Mínimo: 20x25. Máximo: 40x50

Cada persoa poderá participar cun máximo de **3 fotografías**.

Entrega e prazo de presentación:

As fotografías entregaranse no Centro de Información ás Mulleres do Carballiño (dependencias da Área de Igualdade, sita na rúa Faustino Santalices, núm. 10, baixo; frente á oficina de correos).

Entregaránse en **formato impreso** co título correspondente ao dorso dentro dun sobre contendo ademais os datos persoais da autora ou autor (nome, apelidos, enderezo e teléfono). E tamén en **formato dixital**.

Data límite de entrega : Venres, 20 de marzo de 2015.

Entrega de premios : Xoves, 26 de marzo, ás 12.00 horas no salón de plenos do Concello.

As bases están expostas nos taboleiros do Concello, Área de Igualdade e na páxina Web do concello: <http://www.carballiño.org/>

organiza



Concellería de Igualdade e
Benestar Social
CONCELLO DO CARBALLIÑO

colaboran



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
"O FSE inviste no teu futuro"



ASOCIACIÓN
FOTOGRAFICA
"O POTIÑOS"

carballiño
CENTRO COMERCIAL ABIERTO